

RESOLUCIÓN

CONCESIÓN PROVISIONAL DA CONVOCATORIA DE ASIGNACIÓN DE USOS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS PARA A ACTIVIDADE FÍSICA E DEPORTIVA DE INICIATIVA PRIVADA CO PATROCINIO MUNICIPAL PARA A TEMPADA 2018-2019

A Xunta de Goberno Local, en sesión Ordinaria celebrada o luns 18 de xuño de 2018 adoptou, entre outros, o seguinte acordo de aprobación de: FOD 4.- Convocatoria de asignación de usos das instalacións deportivas municipais para actividade física e deportiva de iniciativa privada co patrocinio municipal para a tempada 2018/2019.

Visto e lido o Informe de avaliación da convocatoria de reserva de uso de instalacións deportivas municipais da tempada 2018/2019 asinado polo xefe do Servizo de Instalacións Deportivas do Concello de Carballo, D. Francisco José Díaz del Valle, a primeira Tenente de Alcalde, D^a Belén Lendoiro Esmorís, propón outorgar a concesión provisional de uso das instalacións deportivas municipais ás entidades solicitantes.
Á vista disto e vista a proposta, acórdase:

Primeiro.- Conceder provisionalmente a concesión de uso das instalacións deportivas municipais para a actividade física e deportiva de iniciativa privada co patrocinio municipal para a tempada 2018-2019

Pavillóns deportivos (de titularidade municipal ou conveniados con outras administracións).

- Durante o período do 3 de setembro 2018 ao 14 de xuño de 2019.

- A excepción do IES Monte Neme, para o que se estable o período do 3 de setembro de 2018 ao 31 de maio de 2019.

Campos de fútbol

- Durante o período do 3 de setembro de 2018 ao 14 de xuño de 2019.

Piscinas

- Durante o período do 3 de setembro de 2018 ao 21 de xuño de 2019.

PAVILLÓNS DEPORTIVOS

Pavillóns deportivos de titularidade municipal ou conveniados con outras administracións

1.A.- PAVILLÓN VILA DE NOIA

1.B.- PAVILLÓN CARBALLO CALERO

1.C.- PAVILLÓN CEIP FOGAR

1.D.- PAVILLÓN CEIP XESÚS SAN LUIS ROMERO

1.D.1. PAVILLÓN CEIP XESÚS SAN LUIS ROMERO

1.D.2. XIMNASIO CEIP SAN LUIS ROMERO

1.E.- PAVILLÓN IES MONTE NEME

1.F.- PAVILLÓN IES PARGA PONDAL

COMPLEXO DEPORTIVO VILA DE NOIA		
1.A.	PAVILLÓN VILA DE NOIA	
DÍA	ENTIDADE	HORARIO
LUNS	UN PASO MÁIS	15:45 - 17:00
	ESCOLA BASKET XIRIA	17:00 - 18:15
		22:15 - 23:45
	CB ARTAI	18:15 - 20:45
	ESCOLAS BALONMÁN XIRIA	20:45 - 22:15

MARTES	ESCOLAS BALONMÁN XIRIA	17:00 - 22:15
	ESCOLA BASKET XIRIA	22:15 - 23:45
MÉRCORES	UN PASO MÁIS	16:00 - 17:00
	ESCOLA BASKET XIRIA	17:00 - 18:15
		20:45 - 23:45
	CB ARTAI	18:15 - 20:45
XOVES	ESCOLAS BALONMÁN XIRIA	17:00 - 23:45
VENRES	ESCOLAS BALONMÁN XIRIA	15:45 - 18:15
		19:30 - 22:15
	ESCOLA BASKET XIRIA	18:15 - 19:30
		22:15 - 23:45
Fin de semana (partidos de competición oficial)		
SÁBADO	Partidos de competición oficial	10:00 - 14:00 / 16:00 - 21:00
DOMINGO	Partidos de competición oficial	10:00 - 14:00

COMPLEXO DEPORTIVO CARBALLO CALERO		
PAVILLÓN CARBALLO CALERO		
1.B.		
DÍA	ENTIDADE	HORARIO
LUNS	ESCOLA LUBIANS DE HOCKEI A PATÍNS	16:00 - 22:10
	ASOCIACION DEPORTIVA CARBALLO	22:15 - 24:00
MARTES	ESCOLA BASKET XIRIA	17:15 - 18:35
	AD XIRIA (sección de voleibol)	18:45 - 21:20
	ASOCIACION DEPORTIVA CARBALLO	21:30 - 24:00
MÉRCORES	ESCOLA LUBIANS DE HOCKEI A PATÍNS	16:00 - 22:10
	ASOCIACION DEPORTIVA CARBALLO	22:15 - 24:00
XOVES	ESCOLA BASKET XIRIA	17:15 - 18:35
	AD XIRIA (sección de voleibol)	18:45 - 21:20
	ASOCIACION DEPORTIVA CARBALLO	21:30 - 24:00
VENRES	ESCOLA BASKET XIRIA	17:15 - 18:30
	ESCOLA LUBIANS DE HOCKEI A PATÍNS	18:35 - 21:40
	AD XIRIA (sección de voleibol)	21:45 - 23:30
Fin de semana (partidos de competición oficial)		
SÁBADO	Partidos de competición oficial	10:00 - 14:00 / 16:00 - 21:00
DOMINGO	Partidos de competición oficial	10:00 - 14:00

1.C.	PAVILLÓN CEIP FOGAR	
DÍA	ENTIDADE	HORARIO
LUNS	ESCOLAS BALONMÁN XIRIA	17:15 - 21:15
MARTES	ESCOLAS BALONMÁN XIRIA	17:15 - 23:00
MÉRCORES	ESCOLAS BALONMÁN XIRIA	17:15 - 21:15
XOVES	ESCOLAS BALONMÁN XIRIA	17:15 - 23:00
VENRES	ESCOLAS BALONMÁN XIRIA	17:15 - 23:00
Fin de semana (partidos de competición oficial)		
SÁBADO	Partidos de competición oficial	10:00 - 14:00 / 16:00 - 21:00
DOMINGO	Partidos de competición oficial	10:00 - 14:00

CEIP XESUS SAN LUIS ROMERO		
1.D.1	PAVILLÓN	
DÍA	ENTIDADE	HORARIO
LUNS	ESCOLA LUBIANS DE HOCKEI (patinaxe)	17:15 - 19:45

	A.D. MEDIA DUCIA	20:00 - 21:30
MARTES	UN PASO MÁIS	16:30 - 19:00
	BERGANTIÑOS FC (fútbol sala)	19:00 - 20:30
MÉRCORES	ESCOLA LUBIANS DE HOCKEI (patinaxe)	17:15 - 19:45
	A.D. MEDIA DUCIA	20:00 - 21:30
XOVES	UN PASO MÁIS	16:30 - 19:00
	BERGANTIÑOS FC (fútbol sala)	19:00 - 20:30
VENRES	ESCOLA LUBIANS DE HOCKEI (patinaxe)	17:15 - 19:45
	BERGANTIÑOS FC (fútbol sala)	19:00 - 20:30
Fin de semana (partidos de competición oficial)		
SÁBADO	Partidos de competición oficial	10:00 - 14:00

CEIP XESUS SAN LUIS ROMERO		
XIMNASIO		
1.D.2		
DÍA	ENTIDADE	HORARIO
LUNS	JUDO CLUB BERGANTIÑOS	17:00 - 18:00
	CAPOEIRA BERGANTIÑOS	18:15 - 22:00
MARTES	JUDO CLUB BERGANTIÑOS	17:00 - 22:00
MÉRCORES	JUDO CLUB BERGANTIÑOS	17:00 - 22:00
XOVES	JUDO CLUB BERGANTIÑOS	17:00 - 20:00
VENRES	JUDO CLUB BERGANTIÑOS	17:00 - 22:00
Fin de semana (partidos de competición oficial)		
SÁBADO	Partidos de competición oficial	10:00 - 14:00

1.E. PAVILLÓN IES MONTE NEME		
DÍA	ENTIDADE	HORARIO
LUNS	CB ARTAI	18:00 - 21:00
MARTES	CB ARTAI	17:15 - 18:45
	ESCOLA BASKET XIRIA	20:15 - 21:45
MÉRCORES	CB ARTAI	18:45 - 20:15
XOVES	CB ARTAI	17:15 - 21:45
	CB ARTAI	18:30 - 21:30
VENRES	CB ARTAI	17:15 - 18:30 *(media pista)
	CB ARTAI	20:00 - 21:30
	ESCOLA BASKET XIRIA	17:15 - 18:30 *(media pista)
	ESCOLA BASKET XIRIA	18:30 - 20:00
	ESCOLA BASKET XIRIA	21:30 - 23:00
Fin de semana (partidos de competición oficial)		
SÁBADO	Partidos de competición oficial	10:00 - 14:00 (categorías inferiores)

1.F. PAVILLÓN IES PARGA PONDAL		
DÍA	ENTIDADE	HORARIO
LUNS	ESCOLA BASKET XIRIA	17:00 - 21:30
MARTES	ESCOLA BASKET XIRIA	18:30 - 21:30
MÉRCORES	ESCOLA BASKET XIRIA	17:00 - 21:30
XOVES	ESCOLA BASKET XIRIA	18:30 - 21:30
VENRES	ESCOLA BASKET XIRIA	17:00 - 21:30

Fin de semana (partidos de competición oficial)		
SÁBADO	Partidos de competición oficial	10:00 - 14:00

CAMPOS DE FÚTBOL.

2.A.- CAMPO DE FÚTBOL AS EIROAS

2.A.1. Campo Principal

2.A.2. Campo Anexo

2.B.- CAMPO DE FÚTBOL O CARRAL

2.B.1. Campo Principal

2.C. CAMPO DE FÚTBOL AS PEDREIRAS

2.C.1. Campo Principal

CAMPO DE FÚTBOL AS EIROAS				
DÍA	ENTIDADE	HORARIO	CAMPO	TIPO
LUNS	BERGANTIÑOS FC	16:00 - 18:00	Principal	Campo 1 - Fútbol 7
		18:00 - 19:45	Principal	Campo 2 - Fútbol 7
		20:00 - 21:45	Principal	Campo 1-2 - Fútbol 11
		18:00 - 19:00	Principal	Campo 1 - Fútbol 7
		19:45 - 21:30	Anexo	Campo 1 - Fútbol 7
		19:45 - 21:30	Anexo	Campo 2 - Fútbol 7
	ESCOLAS DE FÚTBOL LUIS CALVO SANZ	18:00 - 19:30	Anexo	Campo 1 - Fútbol 7
		18:00 - 19:30	Anexo	Campo 1 - Fútbol 7
MARTES	BERGANTIÑOS FC	16:00 - 18:00	Principal	Campo 1 - Fútbol 7
		19:30 - 21:15	Principal	Campo 1 - Fútbol 7
		19:30 - 21:15	Principal	Campo 2 - Fútbol 7
		19:45 - 21:15	Anexo	Campo 1 - Fútbol 7
		19:45 - 21:15	Anexo	Campo 2 - Fútbol 7
	SD SAN LORENZO DE VERDILLO	21:15 - 22:45	Anexo	Campo 1 - 2 Fútbol 11
	ESCOLAS DE FÚTBOL LUIS CALVO SANZ	18:00 - 19:30	Principal	Campo 1 - Fútbol 7
		18:00 - 19:30	Principal	Campo 2 - Fútbol 7
18:00 - 19:30		Anexo	Campo 1 - Fútbol 7	
MÉRCORES	BERGANTIÑOS FC	16:00 - 18:00	Principal	Campo 1 - Fútbol 7
		18:00 - 19:45	Principal	Campo 2 - Fútbol 7
		20:00 - 21:45	Principal	Campo 1-2 - Fútbol 11
		19:45 - 21:30	Anexo	Campo 1 - Fútbol 7
		19:45 - 21:30	Anexo	Campo 2 - Fútbol 7
		ESCOLAS DE FÚTBOL LUIS CALVO SANZ	18:00 - 19:30	Anexo
	18:00 - 19:30		Anexo	Campo 1 - Fútbol 7
	XOVES	BERGANTIÑOS FC	16:00 - 18:00	Principal
20:00 - 21:45			Principal	Campo 1-2 - Fútbol 11
18:00 - 19:45			Anexo	Campo 1 - Fútbol 7
18:00 - 19:45			Anexo	Campo 2 - Fútbol 7

		19:45 - 21:30	Anexo	Campo 1 - Fútbol 7
		19:45 - 21:30	Anexo	Campo 2 - Fútbol 7
	SD SAN LORENZO DE VERDILLO	21:30 - 23:00	Anexo	Campo 1-2 Fútbol 11
	ESCOLAS DE FÚTBOL LUIS CALVO SANZ	18:00 - 19:30	Anexo	Campo 1 - Fútbol 7
		18:00 - 19:30	Anexo	Campo 1 - Fútbol 7
VENRES	BERGANTIÑOS FC	16:30 - 18:00	Principal	Campo 2 - Fútbol 7
		20:00 - 21:45	Principal	Campo 1-2 - Fútbol 11
		16:30 - 18:00	Anexo	Campo 1 - Fútbol 7
		16:30 - 18:00	Anexo	Campo 2 - Fútbol 7
		19:30 - 21:00	Anexo	Campo 1 - Fútbol 7
		19:30 - 21:00	Anexo	Campo 2 - Fútbol 7
		21:00 - 22:30	Anexo	Campo 1 - Fútbol 7
		21:00 - 22:30	Anexo	Campo 2 - Fútbol 7
	SD SAN LORENZO DE VERDILLO	21:30 - 22:45	Anexo	Campo 1 - Fútbol 7
	ESCOLAS DE FÚTBOL LUIS CALVO SANZ	18:00 - 19:30	Principal	Campo 1 - Fútbol 7
		18:00 - 19:30	Principal	Campo 2 - Fútbol 7
		18:00 - 19:30	Anexo	Campo 1 - Fútbol 7
		18:00 - 19:30	Anexo	Campo 2 - Fútbol 7
	Fin de semana (partidos de competición oficial)			
SÁBADO	Partidos de competición oficial		10:00 - 14:00 / 16:00 - 21:00	
DOMINGO	Partidos de competición oficial		10:00 - 14:00 / 16:00 - 20:00	

CAMPO DE FÚTBOL O CARRAL				
DÍA	ENTIDADE	HORARIO	CAMPO	TIPO
LUNS	SOCIEDAD DEPORTIVA SOFÁN	19:30 - 21:30	Principal	Campo 1 - Fútbol 7
		19:30 - 21:30	Principal	Campo 2 - Fútbol 7
MARTES	SOCIEDAD DEPORTIVA SOFÁN	17:30 - 19:00	Principal	Campo 1 - Fútbol 7
		17:30 - 19:00	Principal	Campo 2 - Fútbol 7
		19:00 - 20:30	Principal	Campo 1 - Fútbol 7
		19:00 - 20:30	Principal	Campo 2 - Fútbol 7
		20:30 - 22:30	Principal	Campo 1 - Fútbol 7
		20:00 - 21:30	Principal	Campo - Fútbol 11
	SD SAN LORENZO DE VERDILLO	21:30 - 23:00	Principal	Campo 1 - Fútbol 7
MÉRCORES	SOCIEDAD DEPORTIVA SOFÁN	17:30 - 18:30	Principal	Campo 1 - Fútbol 7
		18:30 - 19:45	Principal	Campo 1 - Fútbol 7
		18:30 - 19:45	Principal	Campo 2 - Fútbol 7
		19:45 - 21:15	Principal	Campo 1 - Fútbol 7
		20:00 - 21:40	Principal	Campo 2 - Fútbol 7
	SD SAN LORENZO DE VERDILLO	21:15 - 21:40	Principal	Campo 1 - Fútbol 7
		21:40 - 22:45	Principal	Campo 1 - 2 - Fútbol

11				
XOVES	SOCIEDAD DEPORTIVA SOFÁN	19:00 - 20:30	Principal	Campo 1 - Fútbol 7
		20:30 - 22:30	Principal	Campo 1-2- Fútbol 11
	SD SAN LORENZO DE VERDILLO	19:00 - 20:30	Principal	Campo 2 - Fútbol 7
VENRES	SOCIEDAD DEPORTIVA SOFÁN	17:00 - 18:00	Principal	Campo 1 - Fútbol 7
		17:00 - 18:15	Principal	Campo 2 - Fútbol 7
		18:00 - 19:15	Principal	Campo 1 - Fútbol 7
		18:15 - 19:30	Principal	Campo 2 - Fútbol 7
		19:30 - 21:00	Principal	Campo 2 - Fútbol 7
	21:00 - 22:30	Principal	Campo 1-2- Fútbol 11	
	SD SAN LORENZO DE VERDILLO	19:15 - 20:45	Principal	Campo 1 - Fútbol 7
Fin de semana (partidos de competición oficial)				
SÁBADO	Partidos de competición oficial		10:00 - 14:00 / 16:00 - 21:00	
DOMINGO	Partidos de competición oficial		10:00 - 14:00 / 16:00 - 20:00	

CAMPO DE FÚTBOL AS PEDREIRAS				
DÍA	ENTIDADE	HORARIO	CAMPO	TIPO
VENRES	SD SAN LORENZO DE VERDILLO	20:00 - 22:30	Principal	Campo - Fútbol 11
Fin de semana (partidos de competición oficial)				
SÁBADO	Partidos de competición oficial		10:00 - 14:00 / 16:00 - 21:00	
DOMINGO	Partidos de competición oficial		10:00 - 14:00 / 16:00 - 20:00	

3.- PISCINAS MUNICIPAIS

3.A.- PISCINA CARBALLO CALERO

3.B.- PISCINA VILA DE NOIA

COMPLEXO DEPORTIVO CARBALLO CALERO			
PISCINA CARBALLO CALERO			
DÍA	ENTIDADE	HORARIO	PISTAS
LUNS	AD FOGAR DA XUVENTUDE	7:30 - 8:30	Pista 4 e 5
		15:30 - 16:00	Pista 4 e 5
		16:00 - 16:45	Pista 4, 5 e 6
		16:45 - 17:30	Pista 4, 5 e 6
		17:30 - 18:15	Pista 5 e 6
		18:15 - 19:00	Pista 5 e 6
		19:00 - 20:30	Pista 4 e 5
	SALVAMENTO E SOCORRISMO CARBALLO	16:30 a 17:30	Pista 3
		17:30 - 19:00	Pista 3 e 4
		19:00 - 19:45	Pista 6
		19:45 - 20:30	Pista 6
		20:30 - 21:30	Pista 4
		21:30 - 22:30	Pista 3 e 4
MARTES	AD FOGAR DA XUVENTUDE	17:30 - 18:15	Pista 5 e 6
		18:15 - 19:30	Pista 4, 5 e 6

		19:30 - 20:30	Pista 4, 5 e 6	
		20:30 - 21:30	Pista 4, 5 e 6	
		21:30 - 22:30	Pista 3 e 4	
	SALVAMENTO E SOCORRISMO CARBALLO		15:45 - 16:30	Pista 4, 5 e 6
			16:30 - 17:15	Pista 4
			16:45 - 17:30	Pista 5 e 6
			17:15 - 18:15	Pista 4
			18:15 - 19:30	Pista 1, 2 e 3
			21:30 - 22:30	Pista 5 e 6
	AD MEDIA DUCIA		20:15 - 21:30	Pista 3
MÉRCORES	AD FOGAR DA XUVENTUDE	7:30 - 8:30	Pista 4 e 5	
		15:30 - 16:00	Pista 4 e 5	
		16:00 - 16:45	Pista 4, 5 e 6	
		16:45 - 17:30	Pista 4, 5 e 6	
		17:30 - 18:15	Pista 5 e 6	
		18:15 - 19:00	Pista 5 e 6	
		19:00 - 20:30	Pista 4 e 5	
	SALVAMENTO E SOCORRISMO CARBALLO		16:30 a 17:30	Pista 3
			17:30 - 19:00	Pista 3 e 4
			19:00 - 19:45	Pista 6
			19:45 - 20:30	Pista 6
			20:30 - 21:30	Pista 4
			21:30 - 22:30	Pista 3 e 4
			17:30 - 18:15	Pista 5 e 6
XOVES	AD FOGAR DA XUVENTUDE	18:15 - 19:30	Pista 4, 5 e 6	
		19:30 - 21:30	Pista 4, 5 e 6	
		21:30 - 22:30	Pista 3 e 4	
		15:45 - 16:30	Pista 4, 5 e 6	
	SALVAMENTO E SOCORRISMO CARBALLO		16:30 - 17:15	Pista 4
			16:45 - 17:30	Pista 5 e 6
			17:15 - 18:15	Pista 4
			18:15 - 19:30	Pista 1, 2 e 3
			21:30 - 22:30	Pista 5 e 6
			7:30 - 8:30	Pista 4 e 5
VENRES	AD FOGAR DA XUVENTUDE	15:30 - 16:00	Pista 4 e 5	
		16:00 - 16:45	Pista 4, 5 e 6	
		16:45 - 17:30	Pista 4, 5 e 6	
		17:30 - 18:15	Pista 5 e 6	
		18:15 - 19:00	½ Pista 6	
		19:00 - 20:30	Pista 4 e 5	
	SALVAMENTO E SOCORRISMO CARBALLO		17:00 - 17:30	Pista 3
			17:30 - 18:15	Pista 3 e 4
			18:15 - 19:00	Pista 4 e 5
			19:00 - 19:45	Pista 6
			19:45 - 20:30	Pista 6
			20:30 - 22:30	Pista 4, 5 e 6
			9:00 - 11:15	Pista 4, 5 e 6
			SÁBADO	AD FOGAR DA XUVENTUDE
12:15 - 13:15	Pista 4, 5 e 6			
SALVAMENTO E SOCORRISMO CARBALLO		18:00 - 19:30		Principal
		18:00 - 19:30		Anexo
		18:00 - 19:30		Anexo
		18:00 - 19:30		Anexo

Competicións fin de semana

SÁBADO	Competicións	15:30 - 21:30	Pista 1, 2, 3, 4, 5 e 6
DOMINGO	Competicións	9:00 - 14:00	Pista 1, 2, 3, 4, 5 e 6

COMPLEXO DEPORTIVO VILA DE NOIA			
PISCINA VILA DE NOIA			
DÍA	ENTIDADE	HORARIO	PISTAS
SÁBADO	SALVAMENTO E SOCORRISMO CARBALLO	12:45 - 13:45	Pista 1 e 2

B.- Conceder a reserva de uso das instalacións deportivas municipais durante o período comprendido entre o 1 e o 31 de xullo de 2019, ás seguintes entidades nos horarios e instalacións que se citan no seguinte cadro:

COMPLEXO DEPORTIVO CARBALLO CALERO		
PISCINA CARBALLO CALERO		
DÍA	ENTIDADE	HORARIO
LUNS	AGRUPACIÓN DEPORTIVA FOGAR DA XUVENTUDE	7:30 - 8:30 (pistas 4 e 5) 11:00 - 13:30 (pistas 4, 5 e 6)
	SALVAMENTO E SOCORRISMO CARBALLO	9:00 - 11:00 (pistas 4,5 e 6)
MARTES	AGRUPACIÓN DEPORTIVA FOGAR DA XUVENTUDE	7:30 - 8:30 (pistas 4 e 5) 11:00 - 13:30 (pistas 4, 5 e 6) 21:30 - 22:30 (pistas 5 e 6)
	SALVAMENTO E SOCORRISMO CARBALLO	9:00 - 11:00 (pistas 4,5 e 6)
MÉRCORES	AGRUPACIÓN DEPORTIVA FOGAR DA XUVENTUDE	7:30 - 8:30 (pistas 4 e 5) 11:00 - 11:45 (pistas 3, 4 e 5) 11:45 - 13:30 (pistas 3, 5 e 6)
	SALVAMENTO E SOCORRISMO CARBALLO	9:00 - 11:00 (pistas 4,5 e 6)
XOVES	AGRUPACIÓN DEPORTIVA FOGAR DA XUVENTUDE	7:30 - 8:30 (pistas 4 e 5) 11:00 - 13:30 (pistas 4, 5 e 6) 21:30 - 22:30 (pistas 5 e 6)
	SALVAMENTO E SOCORRISMO CARBALLO	9:00 - 11:00 (pistas 4,5 e 6)
VENRES	AGRUPACIÓN DEPORTIVA FOGAR DA XUVENTUDE	7:30 - 8:30 (pistas 4 e 5) 11:00 - 13:30 (pistas 4, 5 e 6)
	SALVAMENTO E SOCORRISMO CARBALLO	9:00 - 11:00 (pistas 4,5 e 6)

Segundo.- Establecer os seguintes criterios de preferencia para os encontros de competición federada ou amigables durante toda a temporada:

- Nivel de competición na que se atope o equipo.
- Horario estable ao longo da temporada.
- Categoría dos equipos en relación ás franxas horarias.
- En caso de empate, establecerase un sistema de rotación.

Terceiro.- Aprobar, de acordo co artigo 4 do Regulamento de réxime xurídico, xestión, uso e utilización das instalacións deportivas de titularidade do Concello de Carballo (BOP 123 de

01/07/2014), as seguintes condicións de uso específicas para todas as instalación cedidas para o seu uso:

CONDICIÓN DE USO DO BEN MUNICIPAL PARA AS ENTIDADES DEPORTIVAS BENEFICIARIAS NA CONVOCATORIA DE ASIGNACIÓN DE USOS DAS INSTALACIÓN DEPORTIVAS MUNICIPAIS PARA A ACTIVIDADE FÍSICA E DEPORTIVA DE INICIATIVA PRIVADA CO PATROCINIO MUNICIPAL PARA A TEMPADA 2018-2019

- I. Todas as entidades deportivas beneficiarias desta convocatoria que teñan concedida a reserva de uso dunha instalación deportiva municipal, están obrigadas ao cumprimento do Regulamento de réxime xurídico, xestión, uso e utilización das instalacións deportivas de titularidade do Concello de Carballo (BOP 123 de 01/07/2014) ou as conveñades con outras administración.
- II. Con carácter xeral, deberá prestarse especial atención ao seguinte:
 1. Para a disputa de encontros e partidos oficiais das entidades ou clubs nas instalacións deportivas, o Servizo Municipal de Instalacións Deportivas asignará os horarios dos encontros ou partidos, así como a instalación. Por tal motivo as entidades e clubs deberán comunicar con 20 días de antelación os seus calendarios de competición para que se lles poida notificar o día, hora e instalación con 15 días de antelación (art. 23.15 do Regulamento do réxime xurídico, xestión, uso e utilización das instalacións deportivas de titularidade do Concello de Carballo).
 2. As actividades do solicitante no inmovible municipal serán exercidas libremente pola entidade deportiva; non obstante, o Concello de Carballo poderá realizar inspeccións para comprobar o cumprimento da finalidade.
 3. Non se poderá cambiar o destino das instalacións, nin utilízalas para usos distintos dos expresados. Non se poderá arrendar, traspasar, nin ceder a terceiros, nin sequera temporalmente todo ou parte do inmovible obxecto de cesión (art. 21.3 do Regulamento do réxime xurídico, xestión, uso e utilización das instalacións deportivas de titularidade do Concello de Carballo).
 4. A entidade deportiva queda obrigada a conservar as instalacións obxecto de autorización en bo estado.
 5. Non se poderá acceder o espazo deportivo ata que o persoal do Servizo Municipal de Instalacións Deportivas autorice a facelo. Será obrigación da persoa responsable da entidade velar para que as persoas integrantes do seu grupo se atopen fóra do espazo deportivo e dos lugares habilitados para o material mentres non rematen as labores de cambio de equipamento para desenvolver as diferentes actividades (colocación de porterías, postes, canastras, cortinas, etc.).
 6. En todo caso, o Concello de Carballo non será responsable ante a persoa usuaria en caso de accidente ou deterioro derivados do incumprimento por parte desta das presentes normas, dun comportamento negligente doutro/a usuario/a ou dun mal uso das instalacións, equipamentos ou servizos (art. 17.2 do Regulamento do réxime xurídico, xestión, uso e utilización das instalacións deportivas de titularidade do Concello de Carballo).
 7. A entidade deberá dispor dun seguro de responsabilidade civil e dun seguro de accidentes incluída a asistencia sanitaria, ou a licenza federativa de cada un/unha dos/as participantes. O club ou entidade usuaria farase responsable dos posibles deterioros da instalación que poidan producirse polos seus deportistas, adestradores/as, persoal auxiliar e asociados/as, así como dos accidentes deportivos (art. 23.11 do Regulamento do réxime xurídico, xestión, uso e utilización das instalacións deportivas de titularidade do Concello de Carballo). A entidade, como organizadora do evento, farase responsable tamén dos deterioros que puidese ocasionar calquera deportista que acuda á competición.
 8. Será necesario, para cada un dos grupos de actividade, que a entidade presente unha declaración xurada onde faga constar que o/a monitor/a ou adestrador/a está en posesión dun título que a habilite para exercer as súas funcións. Este será como mínimo de nivel I, ou equivalente, expedido pola federación correspondente ou por algunha entidade homologada na expedición de títulos a nivel deportivo. O título poderá ser requirido polo Concello de Carballo en caso de considerarse que non se cumpran as condicións requiridas.

9. O Concello de Carballo resérvase o dereito de deixar sen efecto algunha das autorizacións de utilización das instalacións deportivas por algúns dos seguintes motivos (art. 23.6 do Regulamento do réxime xurídico, xestión, uso e utilización das instalacións deportivas de titularidade do Concello de Carballo):
- Por necesidades de programación municipal ou de actividades do Concello de Carballo.
 - Por incumprimento das obrigas establecidas na presente normativa e nos requisitos de solicitude.
 - Por causa de comportamento pouco cívico ou antideportivo, por parte dalgún/ha membro da entidade autorizada, se é este comportamento reiterado e evidente, a xuízo dos/as responsables da Área de Deportes do Concello de Carballo.
 - Por baixa asistencia dos/as membros da entidade, de xeito que reiteradamente non cumpran cos mínimos de asistencia obrigatoria na autorización de uso.
10. A entidade deberá de confirmar por rexistro de entrada no Concello, nun prazo máximo de 5 días, os horarios definitivos de uso por parte da entidade, para cada grupo de adestramento:
- Horarios de cada grupo explicando a que equipo e categoría corresponde o uso da instalación.
 - Número de deportistas de cada un dos grupos.
 - Nome, apelidos e un teléfono de contacto da persoa responsable de cada un dos grupos.
11. Segundo se establece na Lei 3/2012 do deporte de Galicia, no seu artigo 116, apartados b) e c), como infracción moi grave, a introdución nas instalacións nas que se realicen competicións ou actividades deportivas de, entre outras substancias, bebidas alcohólicas así como a venda de alcohol e tabaco nas instalacións deportivas, polo que o Concello de Carballo, para a tempada 2018/2019, prohíbe totalmente a entrada de bebidas alcohólicas así como a venda de alcohol e tabaco nas instalacións. Será a entidade organizadora a responsable de que se faga cumprir.
- III. Debido á especificidade de cada unha das actividades para desenvolver, en cada unha das diferentes instalacións deportivas municipais, considérase a necesidade de establecer unhas condicións de uso diferenciadas segundo o tipo de instalación e de actividade:

A) PISCINA MUNICIPAL CARBALLO CALERO E VILA DE NOIA

1. Actividade deportiva de competición oficial federada ou organización de eventos deportivos singulares
- 1.1. As entidades organizadoras comprometeranse a colaborar co Concello co fin de non superar o aforo establecido da instalación (art. 25 do Regulamento do réxime xurídico, xestión, uso e utilización das instalacións deportivas de titularidade do Concello de Carballo). O aforo establecido na Piscina Carballo Calero será de 225 espectadores/as.
- 1.2. Sempre antes de 15 días dunha competición, para as probas na piscina municipal deberá entregarse unha declaración xurada, por parte da presidencia da entidade ou federación organizadora da proba, de que achegan para a competición un ou unha socorrista titulado/a inscrito/a no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia, durante toda a competición (desde a apertura ao peche da instalación), segundo marca o Decreto 104/2012, do 16 de marzo (art. 24.3.a) do Regulamento do réxime xurídico, xestión, uso e utilización das instalacións deportivas de titularidade do Concello de Carballo. O/a socorrista deberá estar presente na instalación desde a apertura das portas e a entrada aos vestiarios dos/as deportistas, ata o peche da instalación. O/a socorrista deberá levar na parte dianteira da camiseta o carné do rexistro profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia. Ademais deberá de contar cunha camiseta que o/a identifique e que poña no reverso "socorrista". Sen a presenza na instalación do/a socorrista titulado/a o persoal de recepción non autorizará o acceso á instalación de ningunha persoa para a competición.

2. A actividade deportiva realizada de maneira regular durante a semana (escolas, adestramentos, cursos, etc.)
- 2.1. Os clubs e as entidades deberán entregar unha relación detallada de xogadores/as, adestrador/a e persoal auxiliar, ao comezo da temporada, e deberán comunicar calquera modificación que se produza durante o seu desenvolvemento. Nesta relación debe figurar: o nome, apelidos, data de nacemento.. Deberán utilizar a tarxeta de control de accesos correspondente, ou outro documento identificativo (art. 23.14 do Regulamento do réxime xurídico, xestión, uso e utilización das instalacións deportivas de titularidade do Concello de Carballo). A entrega desta listaxe farase cun mínimo de 15 días de antelación. Esta listaxe deberá de ter os seguintes datos: nome e apelidos, data de nacemento, horario de adestramento, instalación e categoría. Ademais, en cada un dos grupos deberá constar a persoa responsable (monitor/a ou adestrador/a). As entidades deberán de presentar unha listaxe nas oficinas de Carballo Deporte, en caso de baixas ou altas, de cada curso, actividade ou adestramento, todos os luns da primeira e terceira semana de cada mes.
- 2.2. Para adestramentos, o acceso aos vestiarios será sempre de 15 minutos antes do inicio da hora da reserva da piscina e de 30 minutos despois da saída da hora de adestramento na piscina. O acceso aos vestiarios nas categorías inferiores será sempre coa presenza dos/as monitores/as ou adestradores/as, que permanecerán na instalación ata que o/a último/a neno/a saia do vestiario. O acceso aos vestiarios para equipos de categorías sénior ou máster poderá facerse sen a presenza do/a monitor/a ou adestrador/a.
- 2.3. Os/as acompañantes non poderán acceder ou permanecer nas gradas ou na praia da piscina durante os adestramentos dos clubs ou entidades deportivas a excepción de días puntuais e previa autorización por parte do Servizo Municipal de Instalacións Deportivas.
- 2.4. Durante a presenza dos/as nenos/as nos vestiarios, antes e despois do inicio da actividade, deberá de estar presente nos vestiarios (tanto masculino coma feminino) unha persoa responsable, que sexa a persoa que controle o normal comportamento dos/as nenos/as nestes espazos da instalación.
- 2.5. Durante a estancia dos/as nenos/as no vaso da piscina para o desenvolvemento da actividade, terá que haber, para o GRUPO 1 e para o GRUPO 2, unha persoa de apoio que controle e vixíe todos os grupos da súa entidade que se atopen no vaso da piscina, que en caso de que algún/ha neno/a necesite ausentarse da piscina, sexa a persoa que o acompañe; desta maneira o/a monitor/a nunca se ausentará da actividade. Recoméndase que esta persoa posúa o título de Socorrista Acuático Deportivo.
- 2.6. O material que cada equipo deixe na instalación, naquelas dependencias que habilite o Servizo Municipal de Instalacións Deportivas, deberá ser recollido en cestas, redes ou bolsas propiedade do club, e non se fará o Concello de Carballo responsable deste.
- 2.7. Os horarios de concesión de uso toman como referencia os do vaso da piscina, e deberá respectarse tanto na entrada como na saída. Nos horarios que coincidan co peche de instalación, o socorrista da piscina comunicará ás persoas usuarias o remate da actividade, que deberán abandonar o vaso e a praia. A partir dese momento, ningunha persoa usuaria poderá permanecer na praia ou no vaso da piscina. Non se poderá acceder á instalación se o/a socorrista non se encontra na instalación.
- 2.8. A ratio de cada un dos grupos variará en función da idade de cada neno/a. Para a tempada 2017/2018 será a seguinte:
- GRUPO 1.- Nados/as nos anos 2015, 2014 ou 2013: un máximo de 10 nenos/as por monitor/a.
 - GRUPO 2.- Nados/as nos anos 2012, 2011 ou 2010: un máximo de 12 nenos/as por monitor/a.
 - GRUPO 3.- Nados/as en 2009 e anos anteriores: un máximo de 15 nenos/as por pista.
 - Cando exista algún grupo que teña un/ha neno/a dun grupo de inferior idade, tomarase como referencia os criterios do grupo do/a neno/a da idade máis baixa.

- e) Non poderán acceder ás actividades dos cursos ou escolas de natación aqueles/as nenos/as nados/as nos anos 2016, 2017 ou 2018.
- 2.10** Para os equipos de adestramento que teñan concedida máis dunha pista, estas deberán ter un mínimo de ocupación para poder ser utilizadas. En caso contrario, e en función da ocupación do vaso, o socorrista informará ao/á monitor/adestrador que unha das pistas se destinará neste horario ao público xeral. Aplicarase segundo o seguinte exemplo: Cando unha entidade dispoña de dúas pistas concedidas para utilizar, teñen que ter un mínimo de 7 nadadores. Se soamente dispón de 6 nadadores/as, a entidade ocupará unicamente unha pista, e así sucesivamente (para ter 3 pistas teñen que ter 14 nadadores/as, etc.).
- 2.11** Para os equipos de adestramento que teñan concedido o uso da instalación para a categoría máster ou sénior, deberán de acreditar que os seus deportistas participan en algunha competición federada, iso significa que teñen que ter licenza deportiva, así como participar en algunha competición o longo do ano. No caso de non ter competición o grupo ou os deportistas non estar vinculados a participación de unha competición, non terán acceso a instalación así como se poderá denegar o uso concedido a todo o grupo
- B) PAVILLÓNS POLIDEPORTIVOS (VILA DE NOIA, CARBALLO CALERO, IES MONTE NEME, IES PARGA PONDAL, CEIP FOGAR E CEIP XESÚS SAN LUIS ROMERO)**
- 1.** Actividade deportiva de competición oficial federada ou organización de eventos deportivos singulares
- 1.1 As entidades organizadoras comprometeranse a colaborar co Concello co fin de non superar o aforo establecido da instalación (art. 25 do Regulamento do réxime xurídico, xestión, uso e utilización das instalacións deportivas de titularidade do Concello de Carballo). O aforo establecido non será superior a 800 espectadores/as no Pavillón Vila de Noia e 600 espectadores/as no Pavillón Carballo Calero.
- 1.2 Para competicións oficiais o acceso aos vestiarios será sempre de 1 hora antes do inicio da hora da reserva da pista de xogo e de 30 minutos despois da saída da pista de xogo. O acceso aos vestiarios nas categorías inferiores será sempre coa presenza dos/as monitores ou adestradores/as, que permanecerán na instalación ata que o último neno ou nena saia do vestiario (art. 36.d do Regulamento do réxime xurídico, xestión, uso e utilización das instalacións deportivas de titularidade do Concello de Carballo).
- 2** A actividade deportiva realizada de maneira regular durante a semana (escolas, adestramentos, cursos, etc.).
- 2.1 Os clubs e as entidades deberán entregar unha relación detallada de xogadores/as adestrador/a e persoal auxiliar, ao comezo da temporada, e comunicarán calquera modificación que se produza durante o seu desenvolvemento. Nesta relación debe figurar: o nome, apelidos, data de nacemento. Deberán utilizar a tarxeta de control de accesos correspondente, ou outro documento identificativo (art. 23.14 do Regulamento do réxime xurídico, xestión, uso e utilización das instalacións deportivas de titularidade do Concello de Carballo). A entrega desta listaxe farase cun mínimo de 15 días de antelación. Esta listaxe deberá de ter os seguintes datos: nome e apelidos, data de nacemento, horario de adestramento, instalación e categoría. Ademais, en cada un dos grupos deberá constar a persoa responsable (monitor/a ou adestrador/a). As entidades deberán de presentar unha listaxe nas oficinas de Carballo Deporte, en caso de baixas ou altas, de cada curso, actividade ou adestramento, todos os luns da primeira e terceira semana de cada mes.
- 2.2 Para adestramentos, o acceso aos vestiarios será sempre de 15 minutos antes do inicio da hora da reserva da pista de xogo e de 30 minutos despois da saída da pista de xogo. O acceso aos vestiarios nas categorías inferiores será sempre coa presenza dos/as monitores/as ou adestradores/as, que permanecerán na instalación ata que o último neno ou nena saia do vestiario. O acceso aos vestiarios para equipos de categorías sénior poderá facerse sen a presenza do/a monitor/a ou adestrador/a (art. 36.c do Regulamento do réxime xurídico, xestión, uso e utilización das instalacións

deportivas de titularidade do Concello de Carballo). Nas categorías inferiores, o/a monitor/a ou adestrador/a será a persoa responsable dos/as nenos/as mentres permanezan no vestiario.

- 2.3 Os/as acompañantes non poderán acceder ou permanecer nas gradas ou na pista de xogo da instalación durante os adestramentos os equipos ou entidades deportivas (art. 36.f do Regulamento do réxime xurídico, xestión, uso e utilización das instalacións deportivas de titularidade do Concello de Carballo). No caso de que a entidade solicite, de maneira puntual, que os/as acompañantes teñan acceso aos adestramentos, deberán notificalo ao Servizo Municipal de Instalacións Deportivas para a súa valoración e aprobación.
- 2.4 As porterías, canastras, postes e demais accesorios necesarios para a práctica deportiva, que sexan móbiles, serán debidamente colocados e repartidos polo persoal da instalación. O material que cada equipo deixe na instalación, e naquelas dependencias que habilite o Servizo Municipal de Instalacións Deportivas, deberá ser recollido en cestas, redes ou bolsas propiedade do club, e non se fará o Concello de Carballo responsable deste (art. 36.e do Regulamento do réxime xurídico, xestión, uso e utilización das instalacións deportivas de titularidade do Concello de Carballo). Non está permitido utilizar ningún material do Concello de Carballo sen autorización previa do mesmo.
- 2.5 Accederase á pista de xogo unicamente con roupa e calzado deportivo axeitado (art. 36.a do Regulamento do réxime xurídico, xestión, uso e utilización das instalacións deportivas de titularidade do Concello de Carballo).
- 2.6 A hora de acceso e desocupación da pista de xogo serán efectivamente as que se teñan reservadas, e non se poderá ocupar esta para quecementos, etc. (art. 36.b do Regulamento do réxime xurídico, xestión, uso e utilización das instalacións deportivas de titularidade do Concello de Carballo).
- 2.7 Para as seguintes instalacións deportivas (IES PARGA PONDAL, IES MONTE NEME, CEIP FOGAR e CEIP XESÚS SAN LUIS ROMERO) as entidades que utilicen os vestiarios de ditas instalacións deberán de deixalos nas mesmas condicións que os atoparon cando entraron.

C) COMPLEXO DEPORTIVO DOS CAMPOS DE FÚTBOL

1. Actividade deportiva de competición oficial federada ou organización de eventos deportivos singulares
 - 1.1. As entidades organizadoras comprometeranse a colaborar co Concello co fin de non superar o aforo establecido da instalación (art. 25 do Regulamento do réxime xurídico, xestión, uso e utilización das instalacións deportivas de titularidade do Concello de Carballo). O aforo establecido non será superior a 800 espectadores/as no campo de fútbol principal e 400 espectadores/as no campo de fútbol anexo.
 - 1.2. Para competicións oficiais, o acceso aos vestiarios será sempre de unha hora antes do inicio da hora da reserva da pista de xogo e de 30 minutos despois da saída da pista de xogo. O acceso aos vestiarios nas categorías inferiores será sempre coa presenza dos/as monitores/as ou adestradores/as, que permanecerán na instalación ata que saia o último neno ou nena do vestiario (art. 38.f do Regulamento do réxime xurídico, xestión, uso e utilización das instalacións deportivas de titularidade do Concello de Carballo).
2. Actividade deportiva realizada de maneira regular durante a semana (escolas, adestramentos, cursos, etc.).
 - 2.1. Os clubs e as entidades deberán entregar unha relación detallada de xogadores/as, adestrador/a e persoal auxiliar, ao comezo da temporada, e comunicarán calquera modificación que se produza durante o seu desenvolvemento. Nesta relación debe figurar o nome, apelidos e DNI. Deberán utilizar a tarxeta de control de accesos correspondente, ou outro documento identificativo (art. 23.14 do Regulamento do réxime xurídico, xestión, uso e utilización das instalacións deportivas de titularidade do Concello de Carballo). A entrega desta listaxe farase cun mínimo de 15 días de antelación, e nela farase constar

tamén a data de nacemento. Ademais en cada un dos grupos deberá constar a persoa responsable (monitor/a ou adestrador/a).

- 2.8 Para adestramentos, o acceso aos vestiarios será sempre de 15 minutos antes do inicio da hora da reserva da pista de xogo e de 30 minutos despois da saída da pista de xogo. O acceso aos vestiarios nas categorías inferiores será sempre coa presenza dos/as monitores/as ou adestradores/as, que permanecerán na instalación ata que o último neno ou nena saia do vestiario. O acceso aos vestiarios para equipos de categorías sénior poderá facerse sen a presenza do/a monitor/a ou adestrador/a (art. 38.e do Regulamento do réxime xurídico, xestión, uso e utilización das instalacións deportivas de titularidade do Concello de Carballo). Nas categorías inferiores, o/a monitor/a ou adestrador/a será a persoa responsable dos/as neno/as mentres permanezan no vestiario. Os/as acompañantes non poderán acceder ou permanecer nas gradas ou na pista de xogo da instalación mentres estean facendo os adestramentos os equipos ou entidades deportivas (art. 38.h do Regulamento do réxime xurídico, xestión, uso e utilización das instalacións deportivas de titularidade do Concello de Carballo). No caso de que a entidade solicite, de maneira puntual, que os/as acompañantes teñan acceso aos adestramentos, deberán notificalo ao Servizo Municipal de Instalacións Deportivas para a súa valoración e aprobación.
- 2.2. Con respecto ás porterías móbiles de fútbol 7 ou fútbol 11, serán as entidades deportivas as que teñen que facer o traslado, e deberanas colocar no seu sitio ao final do adestramento. As devanditas porterías móbiles contan cunhas rodas para o seu traslado, que durante o uso da actividade deberán quitarse obrigatoriamente por cuestión de seguridade e soamente se poderán poñer durante o traslado. Se durante a actividade as rodas están postas o Concello non se fai responsable de calquera incidente que poida ocorrer.
- 1.1. Accederase ao campo de fútbol unicamente con roupa e calzado deportivo axeitado (art. 38.a do Regulamento do réxime xurídico, xestión, uso e utilización das instalacións deportivas de titularidade do Concello de Carballo).
- 1.2. As horas de acceso e desocupación da pista de xogo serán efectivamente as que se teñan reservadas, e non se poderá ocupar esta para quecementos, etc. (art. 38.d do Regulamento do réxime xurídico, xestión, uso e utilización das instalacións deportivas de titularidade do Concello de Carballo).

Cuarto.- Ordenar a publicación desta resolución no taboleiro de anuncios do concello de Carballo e na páxina web municipal www.carballo.gal, no seu apartado deportes, <http://carballo.gal/deporte/portada> e abrir un prazo de 5 días hábiles para que as entidades solicitantes comuniquen as horas de uso aceptadas por cada instalación, onde comuniquen horarios, equipos, categorías e número de deportistas. A resolución provisional poderá ser efectiva a partir do 3 de setembro de 2018. Resultas as comunicacións realizadas polas entidades aprobarase con carácter definitivo a concesión de uso das instalacións deportivas por parte da Xunta de Goberno Local ou, no seu caso, pola Alcaldía. A resolución provisional non crea dereito ningún a favor da entidade beneficiaria da proposta fronte ao Concello de Carballo mentres este non lle notifique a resolución definitiva de concesión.

Carballo 27 de agosto de 2018

Asinado dixitalmente na data que figura na marxe.

CONCELLO DE CARBALLO
C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



2018/X999/001236
Exp. 2018/G003/002246

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcalde

Maria Belén Lendoiro Esmorís

Secretario

José Villán Fuertes